

TOMÁS DE AQUINO

Tomás de Aquino (1224-1274) foi un monxe, teólogo, xurista e filósofo italiano. Era de familia nobre e toda a súa infancia pasouna facendo estudos relixiosos. Máis tarde uníuse á Orde dominica (orde medicante da Igrexa católica). Foi discípulo de Alberto Magno e defensor da filosofía de Aristóteles.

OBRA

As súas obras abranguen moitos temas como a teoloxía, a filosofía, a exérese bíblica, os comentarios de filósofos antigos...

Podemos agrupar as súas obras principais en varios tipos:

Obras sistemáticas: (*Summa Theologiae* (Suma Teolóxica))

A súa obra máis famosa aínda que non logrou finalizala pola súa morte.

É un tratado sistemático de teoloxía cristiá: trata de Deus, a creación, o home, a moral, Cristo, os sacramentos, a vida eterna.

Obras bíblicas: (comentarios a libros)

Interpretacións de pasaxes bíblicas.

Comentarios filosóficos: (comentarios a textos)

Lee, interpreta, aclara e en moitos casos integra as ideas aristotélicas a o seu pensamento cristián.

A **edición crítica** máis coñecida das súas obras chámase Editio Leonina, promovida pola Igrexa para recopilar e organizar os seus textos.

POR QUÉ FOI IMPORTANTE PARA A FILOSOFÍA?

Tomás de Aquino logrou conciliar a filosofía grega coa teoloxía cristiá, pois dicía que a razón e a fé non se contradicen se non que se complementan. Desenvolveu argumentos racionais para demostrar a existencia de Deus.

A súa popularidade creceu ao comezar a comentar as obras de Aristóteles, demostrou que as súas ideas podían integrarse na teoloxía cristiá e logrou reintroducir a Aristóteles no pensamento occidental.

No área filosófica da metafísica, a súa obra foi tan influente que outros filósofos a usaban as súas ideas de referencia. Isto deu lugar á orixe do tomismo (filosofía baseada nas ideas del) e o neotomismo (renovación dos seus pensamentos en séculos posteriores).